

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 12 de xullo de 2007

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 12/07/2007.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 12/07/2007.
- III. Regulamento de Prácticas de Residencia na titulación de Enxeñaría de Minas.
- IV. Calendario de exames para o curso 2007-2008.
- V. Horarios para o curso 2007-2008.

Ábrese a sesión ás 10 horas e 05 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria do 12 de abril de 2007 e extraordinaria celebradas os días 24 de maio de 2007.

Apróbanse as actas coa seguinte consideración:

Acta Xunta Escola extraordinaria 24/05/07: O resultado da votación relativa a ampliación do prazo na convocatoria extraordinaria de decembro do curso 07/08 foi:

Votos a favor da proposta: 4

Votos en contra: 5

Abstencións: 11

2. Informes do Director.

O director informa sobre:

A aula de grado está xa finalizada e plenamente operativa.

Na aula 0 instaláronse equipos informáticos para acceso libre do alumnado. Prevese que a apertura de dita aula será para a volta de vacacións de verán.

Instalouse unha fotocopiadora para profesores no hall do segundo andar na zona de confluencia entre os módulos de despachos, laboratorios e aulas da ETSEM. O profesor que o deseche ou a delegación de alumnos poderán solicitar un código na bedelería.

Tras varias xestións xa están colocados definitivamente o nome da escola na fachada do edificio así como o monolito identificativo do centro.

Xa se dispón do formato do póster que se debe entregar xunto co proxecto fin de carreira co obxecto de facer un libro recopilatorio que sirva para dar mais publicidade a escola.

Contratouse a empresa "ATI GALICIA" para a confección da páxina web da escola a cal esperase este operativa a finais de setembro.

O "Cartel de Minas" dirixiu un escrito ó director da escola solicitando:

- Apoio institucional para a celebración dunhas xornadas de convivencia entre as Escolas Técnicas Superiores de Minas de España previstas para Outubro. A dirección apoiara cunha carta institucional.
- Unha vitrina para expoñer os trofeos conseguidos. Esto estudiárase ao final do exercicio económico actual dependendo dos cartos dispoñibles.
- Un lugar de reunión e donde almacenar o seu material. O centro comprarállas un armario ubicado na delegación de alumnos.

Comunicarase proximamente a apertura de un prazo (20/07/07), para a solicitude de software de docencia para aula de informática. En esta linea a Universidade asignou a Escola as seguintes cantidades:

- Laboratorios de informática: 2.732 €
- Salas: 165 €
- Tesis e PFCs: 3.600 €
- Laboratorios TASCH (solo areas xestionadas pola escola): 20.392 €

Proximamente realizarase a convocatoria dunha beca financiada a través da Área de Calidade, para colaborar en tarefas de calidade coa dirección do Centro.

En relación con outros temas de calidade, a dirección do centro decidiu a participación na convocatoria feita polo Vicerrectorado de Calidade e Innovación Educativa nos programas de calidade postos en marcha pola ACSUG (programa FIDES) e a ANECA (programa AUDIT). O FIDES é unha parte moi importante do programa AUDIT e ámbolos dous imprescindibles para a acreditación das titulacións de grao e posgrao. O bolseiro de calidade, ademais de outras tarefas colaborará coa implantación do programa FIDES.

O pasado 27/06/07 tivo lugar en Madrid unha reunión dos directores das Escolas de Minas de España sendo o tema de debate principal a posta en común de propostas ante o inminente escenario do EEES. Debatíuse sobre o problema das competencias profesionais futuras relacionas co grao ou co posgrao con diferentes posicións sobre con que título outorgar as competencias, que en calquer caso deberán ser refrendadas polo Ministerio de Industria. Algúns directores son partidarios de un grao de minas clásico. Outros

directores son mais partidarios de graos mixtos. Acordouse a próxima reunión para o 19/09/07. Cara a esta reunión o director da escola pretende recabar a opinión da comunidade educativa do centro sobre a forma de abordar o cambio de escenario que supora a implantación do EEES, para o que se pretende crear unha comisión de carácter exclusivamente consultivo dentro da escola. A constitución que propón figura no seguinte ítem. A citada comisión é NON PONDERADA e CONSULTIVA non sendo vinculante ningún dos acordos que adopte.

CONSTITUCIÓN PROPOSTA DA COMISION ASESORA DO EEES.

Presidente: El director del a ETSEM o persona en quien delegue.

Secretario: El secretario de la ETSEM o persona en la que el director de la ETSEM delegue.

7 vocales: Directores de los departamentos con más de 40 créditos de docencia en la ETSEM según POD 06/07 o persona en la que deleguen con docencia en el Centro.

2 vocales: Elegidos por los directores de los departamentos con docencia en la ETSEM con menos de 40 créditos docentes en la ETSEM según POD 06/07 o personas en la que deleguen con docencia en el Centro.

1 alumno: elegido por la Delegación de Alumnos de la ETSEM y que pertenezca a la misma.

3. Aprobación, se procede, do Regulamento de Prácticas de Residencia da E.T.S.E. de Minas.

Se presenta o texto elaborado do Regulamento de Prácticas de Residencia da E.T.S.E. de Minas, que se achega como anexo III a esta acta.

Logo dunha serie de intervencións, se procede á votación co seguinte resultado:

Votos a favor da proposta: 12

Votos en contra: 0

Abstencíons: 4

Polo que a Xunta de Escola acorda aprobar dito Regulamento.

4. Aprobación, se procede, da planificación docente para o curso 2007-2008: horarios e calendario de exames.

Se presentan para a súa aprobación o calendario de exames (anexo IV) e horarios (anexo V) para o vindeiro curso 2007-2008.

Apróbanse por unanimidade.

5. Rolda aberta de intervencións.

Natalia Caparrini informa que os programas das materias deben ser enviados en formato normalizado que se remitiu, se ben non e exactamente igual que o formato da Universidade pois incorpora algunas modificacións suxeridas polo profesores.

David Fernández pide a opinión da dirección sobre a gran subida de taxas das matriculas en convocatorias 2ª e sucesivas publicadas en prensa e acordadas cos tres reitores do SUG. O director informa que non ten ningunha comunicación oficial e que non pode opinar baseado somentes en publicacións en prensa pois non pode asegurar a exactitude da citada información.

Antonio Correa solicita que cada profesor borre o encerado cando acabe a sua clase. Enviarase un e-mail ó profesorado da escola solicitándoo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, doce de xullo de dous mil sete.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

**Convocatoria de Xunta de Escola ordinaria do
12/07/2007**

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola ordinaria do 12/07/2007

Asistentes Xunta de Escola extraordinaria
do 12/04/2007

PROFESORES	
1.	<i>Presidente:</i> Pedro Arias Sánchez
2.	<i>Secretario:</i> Enrique Granada Álvarez
3.	Albo López, M ^a Elena
4.	Álvarez Vázquez, Lino José
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	Caparrini Marín, Natalia
7.	Carrillo González, Camilo José
8.	Correa Otero, Antonio
9.	Correa Otero, José María
10.	García Bastante, Fernando
11.	García Vázquez, José Manuel
12.	Pérez Pérez, Carmen
13.	Porto Arceo, Enrique
14.	Saavedra González, Ángeles
15.	Vázquez Dorrío, José Benito

ALUMNOS	
1.	Fernández Rodríguez, David
2.	López Paz, Laura
3.	Puga Alonso, Javier

PAS	
1.	Romo Pérez, María del Carmen
2.	Mosteiro García, Beatriz

Total membros Xunta de Escola :	42
Asistentes	20

ANEXO III

**Regulamento de Prácticas de Residencia na
titulación de Enxeñaría de Minas**

ANEXO IV

Calendario de exames para o curso 2007-2008

ANEXO V

Horarios para o curso 2007-2008